1 00:10:35:20 00:10:37:11 ...Non. ¡Non!  ¡Non!
2 00:10:37:16 00:10:40:06 Non me gusta ir ao colexio! Dáme medo, tanta euforia...
3 00:10:40:11 00:10:42:17 Non o podo evitar! Corren, e gritan...¡!
4 00:10:42:22 00:10:45:14 Son como colas de lagarta... Óioos ao lonxe.
5 00:10:45:19 00:10:49:06 Un pé despóis doutro e para dentro, como un robot.
6 00:10:49:17 00:10:53:24 Non, non.. Non me cravedes os ollos.
Os vosos cerebros sufócanme.
7 00:10:54:04 00:10:56:15 Pensades que son así, pero non. É que non me vedes?
8 00:10:56:20 00:11:00:00 Estou aquí dentro, esperando que marchedes.
9 00:11:00:10 00:11:03:17 Ordénalles algo! Algo que facer, por favor!!!
10 00:11:04:03 00:11:07:01 Un papel sobre a miña mesa..¿? Todos temos un.
11 00:11:07:07 00:11:09:16 Ai... Meu pescozo descansa por fin. (Máis ou menos...)
12 00:11:09:21 00:11:13:03 Pintar. Pintar.. Pintar... Que dure eternamente.
13 00:11:13:08 00:11:17:10 E logo que? Deus axúdame.
Dáme debuxos, para toda a miña vida.
14 00:11:17:15 00:11:19:10 Onde poder cravar a vista.......
15 00:11:19:17 00:11:22:05 Oh, non¡! Que fixen mal? ...Non sei vivir.
16 00:11:22:10 00:11:26:09 Mamá e mestra xuntas. ...Reláxame.
Poderei chorar á fin?
17 00:11:26:14 00:11:29:22 Falan de min outra vez, como sempre.
(Como todos...)
18 00:11:30:03 00:11:33:18 Pintei o pallaso de negro.
Si. Pinteino de negro. Que pasa¿?!
19 00:11:33:23 00:11:35:08 As cores son para as nenas...
20 00:11:35:13 00:11:40:06 Nunca os usei, e non pasou nada..¿?
(Ata que pintei o pallaso de negro)
21 00:11:40:11 00:11:44:09 Non entendín os consellos sorrintes.
Que vergoña, estaba prohibido..?
22 00:11:44:14 00:11:47:00 Perdón!!! Non.. Non faledes de min.
23 00:11:47:05 00:11:50:11 Teño que pintar todo de cores!! Cores rechamantes...
Cales serán os correctos?
24 00:11:50:16 00:11:52:20 Sorrín. Sorrín! As miñas vértebras bocexan.
25 00:11:53:00 00:11:55:18 Fago o correcto de novo. Deixádeme entrar no rabaño.
26 00:11:55:23 00:12:00:16 Azul, vermello, amarelo, verde.
Non vos escapedes! Teño que seguir o rabaño.
27 00:12:00:21 00:12:05:05 Violeta, marrón, laranxa, ata rosa.
Seguir o rabaño...!
28 00:12:05:10 00:12:10:19 Granate, Turquesa, Ocre,
Maxenta, Rosa, Fucsia, Dourado, Beige,.......
29 00:14:56:06 00:14:57:16 Camiño sen pensar en nada.
30 00:14:57:21 00:15:00:22 Realizo movementos imposibles para o

resto de mortais.
31 00:15:01:02 00:15:05:10 Ensaio durante case todo o tempo que estou esperta,
e cando durmo ordeno os meus avances.
32 00:15:05:15 00:15:10:14 Son un robot para a elegancia,
e acadei a perfección humana nos movementos.
33 00:15:10:19 00:15:15:17 Xamais ninguén me poderá superar,
en cambio seguirei bailando ata a miña morte.
34 00:15:15:22 00:15:19:04 Non podo deixar de facelo, necesítoo para vivir.
35 00:15:19:09 00:15:23:02 O mundo é imperfecto
e percibilo provócame un malestar insoportable..
36 00:15:23:09 00:15:24:23 ..de verdade non-soportable para min.
37 00:15:25:03 00:15:28:12 Debo seguir cultivando meu don
para descansar na miña pureza.
38 00:15:28:18 00:15:31:02 Pola contra morrería de noxo...
39 00:15:31:17 00:15:35:06 Bailo coa mente en branco, por impulsos.
40 00:15:35:12 00:15:38:20 A xente aplaude entusiasmada, ao ritmo do meu corazón.
41 00:15:39:01 00:15:43:24 Logrei a conexión máis profunda á que un artista
poida aspirar para co seu público.
42 00:15:44:04 00:15:47:05 A arte é o camiño para a mente, e eu cheguei á meta.
43 00:15:47:10 00:15:50:03 Son a persoa máis importante do planeta.
44 00:15:50:08 00:15:53:17 Neste instante todos eles o saben,
mais logo esqueceranse que o sigo sendo.
45 00:15:53:22 00:15:56:21 Así que debo seguir adestrando ata o próximo aplauso.
46 00:15:57:09 00:16:01:04 Colecciono méritos,
coma se construíra unha catedral co meu ego.
47 00:16:01:09 00:16:06:12 Unha obra sen final, pero coma se o tivera
(déixame pensalo así).
48 00:16:06:17 00:16:09:06 Distráiome e me supéras, sombra miña.
49 00:16:09:12 00:16:13:00 Es o meu único rival. O único á miña altura.
50 00:16:13:05 00:16:15:19 A única cousa perfecta neste purgatorio estercoleiro de defectos.
51 00:16:15:24 00:16:21:19 Contigo poderei competir para esquecelo,
ata que morramos ámbolos dous abrazados no chan..
52 00:16:22:01 00:16:24:08 ..ata a eternidade.
53 00:16:25:05 00:16:27:24 E, despois disto por fin, comezarei a vivir.
54 00:16:28:04 00:16:31:10 E ti tamén, sombra miña.
Seremos o recordo de todos eles.
55 00:16:31:15 00:16:34:20 Aliviaremos a súa soidade
pois terán alguén a quen adorar.
56 00:16:35:00 00:16:38:17 Poderán saborear a nosa inmaculada apariencia
e sentirse máis preto de Deus.
57 00:16:38:24 00:16:43:06 Por iso teño que seguir agora amosando
a miña grandiosidade ao mundo.
58 00:16:43:16 00:16:49:20 E para iso debo polo tanto seguir,

seguir e seguir apodrecendo por dentro.
59 00:18:27:08 00:18:29:16 Que vertixe.. Que vertixe!
60 00:18:31:02 00:18:32:05 Que vertixe!!
61 00:18:33:12 00:18:34:12 Deus..!
62 00:18:35:18 00:18:36:21 Estou a caer...!!
63 00:18:38:23 00:18:42:17 Non hai tempo para pensar,
pero penso a moitísima velocidade.
64 00:18:42:22 00:18:45:21 Sinto unha forza sobrehumana, que me sae por fóra...
65 00:18:46:24 00:18:51:04 É liberdade absoluta. Por fin..
Por vez primeira na miña vida.
66 00:18:51:17 00:18:58:11 Robots, sabede que son a única persoa libre deste planeta.
67 00:18:59:19 00:19:01:15 Que enerxía!!
68 00:19:02:13 00:19:06:16 Podo dominalos a todos.
Agora podo con todos!
69 00:19:07:08 00:19:12:08 Á fin encontro o meu lugar, e é este, como rei do mundo.
70 00:19:13:01 00:19:16:12 Co látego na man,
e non como peón seguindo ordes de imbéciles.
71 00:19:17:10 00:19:22:07 Comecei con bo pé, tomando a MIÑA primeira decisión.
72 00:19:23:00 00:19:27:05 E agora, inmediatamente,
obterei as súas primeiras consecuencias.
73 00:19:27:17 00:19:30:21 As primeiras e as últimas. Que máis me dá!
74 00:19:32:00 00:19:34:10 Tan só quero sentir a victoria,
75 00:19:34:23 00:19:37:09 en canto me estampe contra o chan,
76 00:19:37:21 00:19:40:17 a nove coma oito metros por segundo ao cadrado..!!